



**C O N C E L L O**  
DE  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

**BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL, PARA OBRA O SERVICIO DETERMINADO, A TEMPO PARCIÁL, DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO:**

**1ª.- OBJETO.-**Ten por obxecto esta convocatoria a contratación laboral temporal a tempo parcial do cincuenta por cento da xornada (vinte horas semanais) , baixo a modalidade contractual de obra ou servizo determinado, dun/ha auxiliar administrativo adscrito/a aos servizos sociais do concello, do 01-05-2017 ao 31-12-2017.

O tempo diario de traballo será de catro horas, de luns a venres, das 9:30 ás 13:30 horas, e a retribución por ditos servizos será a parte proporcional do salario mínimo interprofesional vixente para dito período.

O obxecto da contratación é axilizar a xestión dos servizos sociais municipais durante 2017, encargándose das funcións de apoio administrativo requiridas pola traballadora social do concello, consonte ao establecido na subvención outorgada para dito fin pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

**2ª.- CONDICIÓN DE ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.-** Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro:

a).—Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

b).—Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c).—Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d).—Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e).—Posuír a titulación esixida: Graduado escolar ou Educación Secundaria Obrigatoria.

**3ª.- INSTANCIAS.-** Darase de prazo ata o día 18 de abril de 2017 ás 14:00 horas para a presentación de solicitudes por parte dos interesados, a partir da convocatoria no taboleiro de anuncios do concello e en periódico de ámbito provincial.

As instancias irán dirixidas ao Sr. alcalde do Concello de Fornelos de Montes e presentaranse no Rexistro Xeral deste concello. As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 2ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI ou de selo caso, pasaporte.

-Copia cotexada do título/habilitación esixido nas presentes bases.



**C O N C E L L O**

DE

**FORNELOS DE MONTES**

(PONTEVEDRA)

- Xustificante de ingreso de 25,00 euros na conta de ABANCA 2080 5033 13 3040002008, da que é titular este concello, en concepto de dereitos de exame para participar no proceso selectivo de auxiliar administrativo dos Servizos Sociais do Concello de Fornelos de Montes. So procedera á devolución dos dereitos de exame cando este non se realice por causas non imputables ao interesado.

Tamén, para os efectos da exención da proba de coñecementos de galego, poderán presentar copia cotexada do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 3, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia,

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria.

**4ª.-TRIBUNAL.-** O Tribunal de selección estará integrado polos membros seguintes:

Presidente: José María Santaló Rodríguez (Secretario do concello)

Secretario: María del Rosario González Sánchez (Traballadora social do concello)

Vocal: Vocal: José Antonio Oitaven Meis (Operario encargado de persoal do Concello de Fornelos de Montes)

Facultase ao tribunal para interpretar estas bases e adoptar as decisións oportunas para a adecuada xestión do proceso selectivo.

**5ª.- SELECCIÓN.-** A selección realizarase mediante a realización dun exercicio escrito co obxecto de valorar a habilidade dos candidatos nas tarefas a realizar e que versará sobre:

- Distribución de horas dos usuarios de Axuda no Fogar
- Realización de calendario de horarios
- Liquidación mensual do prezo público a pagar polos mesmos
- Comunicacions aos usuarios en base a modelos preestablecidos
- Coñecemento das peculiaridades dun Servizo Social de Base, en especial no que se refire á protección de datos

O exercicio realizarase o día 25 de abril de 2017, ás 9:30 horas, no salón de actos da casa consistorial sita en Praza de Igrexa nº 1 de Fornelos e terá unha duración de unha hora. O resultado do exercicio exporase no taboleiro de anuncios do Concello de Fornelos de Montes, e será notificado ao seleccionado para que presente a documentación complementaria (declaración xurada e certificado médico) antes da sinatura do contrato.

En caso de que un seleccionado non presente a documentación no prazo de tres días naturais, perderá o seu dereito e notificarase a selección ao seguinte clasificado, sen prexuízo de que a duración do contrato rematará en todo caso o 31 de decembro de 2017, aínda que a data de inicio tivera que retrasarse.

As presentes Bases foron aprobadas pola xunta de goberno local do Concello de Fornelos de Montes en sesión celebrada o día vinte e catro de marzo de dous mil dezasete.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**

**Emiliano Lage Rodríguez**

**José María Santaló Rodríguez**